



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 111/2021

OBXECTO: SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional emite o seguinte:

INFORME DE FISCALIZACION INGRESOS

ANTECEDENTES

Fundamentalmente, obra no expediente a seguinte documentación:

- Ordenanza Fiscal do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras do Concello de Chantada publicada no BOP Lugo número 107 de data 10/05/2013.
- Solicitud de bonificación do ICIO presentada por Electrodomésticos Perlada S.L., con R.E. 391 de data 2/02/2021.
- Informe dos servizos técnicos municipais.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o artigo 100 do TRLRFL o Imposto de Construccións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal de calquera construción, instalación ou obra, para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se teña obtido ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control lle corresponda ao concello de imposición.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 36LYHACGDPPPEMETLW6Y957WGR | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO DE CHANTADA

Segundo.- O artigo 100.2.a do TRLRFL sinala que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota do imposto de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifique tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A Ordenanza Fiscal do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Chantada contempla no seu artigo 6 unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, a excepción das redes de servizos públicos realizados por empresas distribuidoras ou subministradoras. Esta declaración corresponderalle ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. A documentación a achegar polo suxeito pasivo será: a) solicitude de bonificación b) xustificación de que as construcións, instalacións ou obras teñen especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou do fomento do emprego c) Informe técnico correspondente.

FISCALIZACIÓN

No exercicio da función interventora de ingresos esta Intervención considerapertinente fiscalizar os seguintes extremos:

EXTREMO	RESULTADO DA FISCALIZACION
1.- Que a ordenanza fiscal contempla a bonificación	Cumpre.
2.- Que consta solicitude do suxeito pasivo	Cumpre.
3.- Que consta Informe dos servizos técnicos municipais.	Consta informe dos servizos técnicos municipais do seguinte teor literal: “A normativa vixente de aplicación ven fixada polo Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada, polo Plan de Sectorización Sector Industrial A para ampliación do parque empresarial “Os Acivros”, polo Decreto 83/2008, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 36LYHACGDPPPEMETLW6Y957WGR | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CONCELLO DE CHANTADA

	<i>L.S.G.Segundo a normativa urbanística vixente, as instalacións de referencia atópanse en Solo Urbano, Ordenanza IA: edificación industrial acaroadada. O uso está permitido polanormativa urbanística de aplicación.Entende este técnico que as obrasaprobadas, pola área nas que se atopan encadradas, Polígono Comercial e Industrial "Os Acivros",presentan un especial interese económico, social e de fomento do emprego, e así debería ser declarado polo Pleno da Corporación beneficiándose da bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras".</i>
4.- Competencia	A competencia correspóndelle ao Pleno da Corporación.

CONCLUSIÓN

Fiscalizado. Procede a tramitación do expediente.

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 36LYHACGDPPEMETLW6Y957WGR | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3